

A Letra das Festas, dedicada aos sucesos criminais, e o libro dos devanceiros

Ás seis no Círculo, haberá unha sesión de historias da crónica negra e ás oito no Concello preséntase un volume de memorias

La Voz de Galicia (Lugo · 6 Oct 2016 · L11)

O San Froilán máis literario chega hoxe con dous actos promovidos polo Concello e a sección de literatura de tradición oral da AELG. O primeiro, no Círculo, ás 18.00 horas, trátase dunha nova edición de «Letra das Festas», a revista oral do San Froilán. A segunda, ás 20.00 e no salón de plenos do Concello, será a presentación do libro «Memorias do San Froilán».



A sexta edición da Letra das Festas desde ano titúlase «Mal@s e Peores, Lembranza de sucesos criminais e de mentes facinorosas de Lugo e provincia». Será unha lembranza de sucesos criminais e de mentes facinorosas de Lugo e provincia, con catro expertos na materia que nos lembrarán algunhas proezas de bandas urbanas, como a do Moco Verde ou a do Alicate, e faremos memoria de crimes horrendos, violencia moitas veces inexplicable. Algunhas brutalidades xa esquecidas e outras aínda frescas na memoria da maioría de nós. Participarán Xosé de Cora, Sabela Corbelle, Manuel López Castro (Maloca) e Xosé Miranda. A música será a cargo dun cego auténtico, Francisco do Romualdo, que cantará romances e historias arrepiantes e sucedidos increíbles, acompañado da zanfona.

Volume 13

Ás oito, no Concello, os escritores Isidro Novo e Antonio Reigosa, presentarán un novo volume, o 13, da colección «San Froilán dos Devanceiros». O libro leva por título «Memorias do San Froilán», un libro de historia oral no que os documentos escritos son o reflexo desa tradición. As fontes orais son unha serie de persoeiros que narran estas memorias, como Juan Soto, Paco Nieto, Paco Martín ou lucenses que viñan ás feiras e festas.